

O artigo 66 do noso Plan de Convivencia sinala os límites de faltas de asistencia sen xustificar para aplicar a perda do dereito á avaliación continua nos alumnos de bacharelato ou maiores de idade (15% nunha soa materia) ou iniciar, no caso da ESO, o expediente de absentismo que ten establecido a administración educativa galega (10% do horario lectivo mensual). En relación con isto, o punto 2 deste mesmo artigo sinala:

O centro remitirá comunicación de advertencia ao domicilio do membro do alumnado e á súa familia, cando este supere un terzo do límite de faltas non xustificadas, e no momento en que, superado este, se vaia aplicar a medida de perda do dereito á avaliación continua.

Ante este mandato é necesario precisar un protocolo que sinala o procedemento para a comprobación das faltas, os tipos de comunicacións de advertencia a que se fai referencia e o momento en que estas se deben producir. Por esta razón, apróbanse as seguintes normas de desenvolvemento do artigo 66:

PROTOCOLO PARA A COMUNICACIÓN PERIÓDICA DE FALTAS SEN XUSTIFICAR

- I. Nos días inmediatos seguintes á finalización de cada mes, remitirase aos titores a relación de faltas que os alumnos do seu grupo teñen sen xustificar, coa finalidade de que comprobren a exactitude dos datos e fagan no *Xade*, no prazo breve que lles indique a xefatura de estudos, as rectificacións que poidan corresponder.
2. Unha vez verificada a exactitude dos datos, a xefatura de estudos enviará por correo postal aos país, nais ou titores dos alumnos algunha das seguintes cartas, segundo sexan as circunstancias:

- a) Carta do tipo F (faltas)

Cando o alumno ou alumna de ESO ten máis dun 5% das faltas do mes sen xustificar pero non chega ao 10%, ou cando, no caso do bacharelato ou ser maior de idade, acade entre o 5% e o 9 % de faltas nunha/s determinada/s materia/ sen xustificar no curso. A carta informa do número de faltas que presenta e da proximidade aos límites que sinalan as Normas de Organización e Funcionamento, ao tempo que recorda abriga de asistir ás clases (e de xustificar adecuadamente as ausencias).

- b) Carta do tipo A (aviso)

Cando o alumno ou alumna de ESO superou o 10% das faltas do mes sen xustificar ou cando, no caso do bacharelato ou ser maior de idade, acade entre o 10% e o 14% de faltas nunha/s determinada/s materia/ sen xustificar no curso. A carta informa do número de faltas que presenta e, para o alumnado de ESO, do inicio do expediente de absentismo. Se se trata de alumnos de bacharelato, advírtese da proximidade aos límites establecidos para perder a avaliación continua.

c) Carta do tipo P (perda)

Cando o alumno ou alumna de bacharelato ou maior de idade superou o límite de faltas establecido para a perda do dereito á avaliación continua . Informa do número de faltas que presenta e da adopción desa medida, sen prexuízo do deber de seguir asistindo ás clases e de manter o dereito a presentarse a unha proba final por materia, única forma dispoñible para conseguir a superación académica do curso.

d) Carta do tipo AA (aviso especial)

Cando o alumno ou alumna de bacharelato superou o límite de faltas establecido para a perda do dereito á avaliación continua pero non recibiu a comunicación previa requirida. A carta advirte que xa se superaron os límites para aplicar esta medida polo que, de acumular unha soa falta máis sen xustificar, perderá a avaliación continua.

3. En todas as cartas figurará o número de faltas xustificadas e sen xustificar , tanto referidas ao último mes como ás acumuladas na totalidade do curso, así como a norma regulamentaria de referencia. Nas mesmas tamén se observará a consideración negativa que estas ausencias teñen na selección do alumnado para participar en actividades extraescolares.
4. Unha vez iniciado con algún dos alumnos de ESO o expediente de absentismo a que se retire a carta A, as comunicacións específicas seguirán as pautas sinaladas pala administración educativa no Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar.
5. Os alumnos de bacharelato que recibiron as cartas de advertencia A e AA poderán ser convocados pala a xefatura de estudos para obter deles o compromiso persoal de asistencia antes aplicar a medida de perda do dereito á avaliación continua.

Ourense, 20 de decembro de 2016.